



SUBVENCIONS A ASOCIACIONS VECINAIS DA CORUÑA,
EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA
APOIAR O SEU FUNCIONAMENTO.



BARRIOS **EN MOVIMIENTO!**

A Concellaría de Participación e Innovación Democrática ten a vontade de prestar todo o seu apoio ao asociacionismo veciñal, por consideralo un dos instrumentos máis importantes que garanten a participación colectiva da cidadanía, contribuíndo á construción colectiva da nosa cidade.

Polo tanto, a través destas axudas económicas préstase apoio económico para axudar ao seu funcionamento, subvencionando os gastos xerais das asociacións veciñais da Coruña que carecen dun local propio ou en réximen de cesión gratuita.

Extracto das bases:

A | OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria outorgar subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para apoiar economicamente os gastos de funcionamento das asociacións veciñais que carezan de local municipal en réxime de cesión gratuita durante o ano 2017, de acordo con criterios obxectivos que ponderen a importancia e representatividade de cada unha delas.

B | ENTIDADES PARTICIPANTES

Poderán ser beneficiarias as entidades veciñais que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC) e que carezan de local municipal en réxime de cesión ou noutras condicións de uso gratuítas.

Quedan excluídas desta convocatoria as entidades que sexan beneficiarias, no ano 2017, de convenio nominativo por importe superior a 15.000,00 euros, dentro da mesma ou de distinta área do Concello da Coruña.

Esta convocatoria **é compatible coa convocatoria para actividades** e proxectos tramitada pola mesma concellería.

C | SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

As solicitudes de subvención poden presentarse na sede electrónica, no Rexistro Xeral do Concello, nos rexistros auxiliares ou por calquera medio previsto no art. 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Xunto á solicitude deberán achegarse os impresos de solicitude debidamente cumprimentados.

Cando o importe da subvención proposto na resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, **poderase reformular a solicitude.**



D | CRITERIOS DE VALORACIÓN


A valoración das axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

CRITERIOS REFERIDOS Á ENTIDADE

Experiencia e capacidade de xestión: grao de actividade desenvolvida pola entidade durante o ano 2016, tendo en conta o volume de actividades, o interese social delas e as persoas destinatarias, valorando o fomento da participación de colectivos menos atendidos nas actividades habituais.	Ata 12 puntos
Contribución á vida asociativa da cidade: número de persoas participantes nos programas e actividades da entidade durante o ano 2016	Ata 8 puntos
Implantación territorial da entidade: número de persoas asociadas.	Ata 8 puntos
Grao de execución e xustificación de proxectos e actividades subvencionadas en anteriores convocatorias.	Dende -2 ata 0 puntos
Representación equilibrada de mulleres e homes na composición da xunta directiva (ningún sexo representado menos do 40%).	2 puntos

As solicitudes, xunto coa documentación, remitiranse a unha **comisión de valoración** que será a encargada de valorar as solicitudes presentadas e estará composta por un mínimo de cinco técnicos/as do Concello.

O órgano competente para a resolución do procedemento de concesión é a Concellería de Participación e Innovación Democrática.



E | PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo para presentar estas solicitudes será de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

F | PAGO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

Tendo en conta a natureza da subvención, **poderanse realizar pagos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación**, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso constituirase unha garantía do 10% do importe total da subvención. Unha vez efectuada a debida xustificación, e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

G | RECURSOS ECONÓMICOS

1. O importe global para esta convocatoria ascende a 10.000 euros, con cargo á aplicación 80.924.489.00, descrita no Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2017.
2. A contía máxima para achegar a cada proxecto pode alcanzar até o 100% do importe total presentado, co límite do crédito dispoñible.

I | OBRIGAS DA ENTIDADE

1. Cumprir a finalidade que fundamenta a concesión da subvención, realizando as actividades e o funcionamento xeral da entidade axustándose aos termos da solicitude.
2. Xustificar debidamente a cantidade percibida.
3. Comunicar por escrito no prazo máximo dun mes desde a notificación da concesión da subvención calquera modificación importante no proxecto.
4. Proporcionar ao Concello a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos de seguimento e avaliación.
5. Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.
6. Conservar os documentos xustificativos da xustificación, en tanto poidan ser obxecto de futuras actuacións de comprobación e control.
7. Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
8. Facer constar explicitamente na publicidade as accións de difusión das actividades subvencionadas e o financiamento do Concello da Coruña, incluíndo o seu logotipo.

É IMPORTANTE LEMBRAR QUE

O orzamento presentado debe ser o máis detallado posible, desglosando todos os conceptos por separado.

Non se admitirá como gasto subvencionable a compra de material inventariable. (Consultar ante calquera dúbida).


Os conceptos das facturas presentadas na xustificación deben ser os mesmos, ou o máis parecido, aos conceptos que se indicaban no orzamento inicial ou o reformulado.

Haberá de xustificarse a totalidade do gasto presupostado, é dicir, o indicado no orzamento presentado coa solicitude, ou no seu caso o reformulado, aínda que o importe da subvención concedida sexa menor. De non ser así, poderá dar lugar á perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.

Para xustificar os gastos de aluguer será obrigatorio facer a retención de aluguer oportuna, debendo acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria do modelo 115 de retención de alugueres (trimestral), e o modelo 180 (resumen anual).

O pago das facturas deberase acreditar preferentemente mediante a transferencia bancaria, e poderanse admitir mediante cheque ou pagos en efectivo sempre que a cantidade aboada sexa inferior a 500 euros. No caso de que o pago dun servizo estea fraccionado en varios pagos, o límite de 500 euros entenderase para o conxunto dos pagos correspondentes ao servizo. No caso de pagos en efectivo deberá figurar claramente na factura a dilixencia de “Pagado”, a sinatura do acredor e o DNI da persoa que acredita o pago. Se a factura corresponde a varios tickets de compra, deberán achegarse tamén os tickets como xustificantes de pago.

IMPORTANTE: non se admitirán como xustificantes facturas emitidas por persoas ou entidades vinculadas coa asociación beneficiaria ou por persoas que formen parte da súa Xunta Directiva.





Para calquera dúbida, é recomendable consultar as Bases completas da convocatoria (*Convocatoria para gastos xerais de funcionamento. Ref. 802017002*), ou poñerse en contacto coa Concellaría de Participación e Innovación Democrática (participacion@coruna.es).



A Federación de Asociacións de A Coruña e Área Metropolitana prestará un servizo de asesoramento e apoio técnico a todas as entidades que o desexen, durante todo o proceso de tramitación das convocatorias. Teléfono 981 171 185

www.facebook.com/corunaparticipa - twitter.com/corunaparticipa